



**MARATÓN de
GALEGUIDADES**
› 2ª EDICIÓN › 24 DE XULLO 2025

INFORME 2º MARATÓN DE GALEGUIDADES

COMO CONECTAR HOXE A GALICIA TERRITORIAL E A GALICIA EXTERIOR?

Informe realizado polo Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (1991-2024)



[HTTPS://GALEGUIDADES.HUB.GAL](https://galeguidades.hub.gal)

ÍNDICE

1.	PRESENTACIÓN	4
2.	ANÁLISE DOS EPISODIOS	7
3.	ANÁLISE DE PARTICIPANTES, PAÍSES E CONTINENTES	23
4.	ANÁLISE DA PREGUNTAS TRANSVERSAL: COMO CONECTAR HOXE A GALICIA TERRITORIAL E A GALICIA EXTERIOR?	25
5.	DAFO	27
6.	CONCLUSIÓNS	29
7.	BIBLIOGRAFÍA	32

1.

PRESENTACIÓN: O MARATÓN DE GALEGUIDADES E A DIÁSPORA GALEGA NA ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA

Celebrado por segunda ocasión, o 24 de xullo do 2025, na véspera do Día de Galicia, o Maratón de Galeguidades da Deputación da Coruña iniciouse desde Ferrol, desde o Campus Industrial, onde o IGADI conta cunha delegación desde o ano 2022, cando iniciou o grao en Relacións Internacionais da Universidade da Coruña.

O Maratón de Galeguidade 2025 propuxo de novo unha xornada de conexión e reflexión global coa diáspora galega a través dun formato dixital e innovador. O Maratón voltou ser así un programa de tv por internet, de entrevistas, debates e diálogos interxeracionais arredor do planeta. Voltou ser diplomacia pública e dixital, activada pola Deputación da Coruña.

Tanto a primeira edición, en 2024, como a segunda, en 2025, representaron fitos ben notables, na perspectiva longa da historia de Galicia, na súa proxección internacional na era dixital, mais cada unha con trazos diferenciais que permiten analizar a súa evolución e aprendizaxes.

● O ESPÍRITO FUNDACIONAL DO MARATÓN 2024

A primeira edición, celebrada o 24 de xullo de 2024, tivo como principal obxectivo experimentar cun formato pioneiro que unise galegos e galegas de todo o mundo nun mesmo evento dixital. O resultado foi unha maratón audiovisual de máis de doce horas ininterrompidas (de 08:30 a 20:30), estruturada por continentes e países. Arrincouse en Oceanía e Asia, continuouse por Europa e África, e concluíuse en América, debuxando unha auténtica volta ao mundo en clave galega.

Un total de 27 países estiveron conectados durante a xornada, o que supuxo unha radiografía viva da dispersión e diversidade da diáspora galega. Participaron máis de cen persoas, entre representantes de centros galegos, académicos, xornalistas, diplomáticos, artistas e profesionais de ámbitos como a ciencia ou a tecnoloxía. O carácter interxeracional foi un trazo distintivo: voces da emigración histórica conviviron cos testemuños de novas xeracións de galegos e galegas que viven emigrados: a nova diáspora falando cos descendentes da primeira e segunda vaga migratoria galega.

O Maratón 2024 concibiuse tamén como un exercicio de diplomacia dixital e intelixencia colectiva. Naquela primeira ocasión, respondeu a un enfoque claramente estratéxico: ligar a identidade galega global coa Lei

Galega de Acción Exterior de 2021 e fortalecer a imaxe de Galicia como país aberto, dinámico e capaz de resignificarse desde o exterior no mundo do S.XXI. **O discurso central xirou arredor da idea de que a emigración galega hoxe, como no pasado, é motor de desenvolvemento socioeconómico para Galicia, innovación e identidade colectiva.**

● **COMO CONECTAR HOXE A GALICIA TERRITORIAL** ● **E A GALICIA EXTERIOR NO 2025?**

Un ano despois, o 24 de xullo de 2025, o Maratón regresou con novidades substanciais. Mantívose a súa esencia de conectar Galicia co mundo por medio dun evento dixital, mais a estrutura cambiou: deixouse atrás a organización por continentes para introducir unha secuencia de episodios temáticos. Música, literatura, economía, ciencia, deporte ou estudos galegos, foron algúns dos 14 episodios arredor dos cales se artellaron as conexións.

A duración reduciuse lixeiramente, quedando en once horas e trinta minutos (08:30 a 20:00). Tamén se rexistrou unha pequena variación no número de países conectados, que pasaron de 27 a 25, aínda que este dato non restou impacto á convocatoria. De feito, a segunda edición consolidou a participación de máis de cen persoas na produción do evento, incorporando voces de maior proxección pública, como a cineasta Diana Toucedo, escritores como Suso de Toro, científicas como Sonia Villapol, ou referentes musicais como Mondra. O evento tamén contou coa presenza de máis dunha ducia de centros galegos no exterior, Centros de Estudos Galegos, asociacións de empresarios galegos no exterior, ou novidades como a da participación de representantes institucionais, como Alcaldes e Alcaldesas de concellos galegos (Santa Comba, Vimianzo, Vedra ou Carballo), que participaron en diálogos sobre os vínculos entre Galicia territorial e a súa diáspora por medio das cadeas migratorias locais.

Outro trazo característico do Maratón de 2025 foi a dimensión simbólica engadida polo Ano Castelao. O episodio final do Maratón rematou en Buenos Aires, homenaxeando a figura de Castelao, subliñando o seu papel como referente universal da galegitude e establecendo pontes entre o seu legado e os desafíos actuais⁽¹⁾. Así, o Maratón consolidou non só a súa función de foro global, senón tamén a súa capacidade de conectar memoria e futuro.

Sen embargo, as novidades foron moitas máis. Desde un concurso en redes sociais, onde participaron 138 persoas, até a participación de novos países que non participaran na edición do 2024 (Suecia e Holanda), ou a presenza de videosaúdos e entrevista gravadas desde distintos puntos do planeta, que se proxectaron durante o Maratón. Máis alá da valoración cualitativa, as estatísticas de visualización amosan o crecemento no seguimento do Maratón de Galeguitades.

(1) No contexto do Ano Castelao, a xornalista Paula Sabajanes está a coordinar un Especial Ano Castelao con publicacións regulares, que inspirou o episodio final do Maratón de Galeguitades 2025, así como a entrevista a Juan Gómez, o guardián do legado, que pechou o Maratón 2025, Pódese seguir o especial desde a ligazón, <https://www.igadi.gal/es/etiquetas/ano-castelao-es/>

● O INFORME DO MARATÓN DE GALEGUIDADES 2025: FACER DO 24 DE XULLO UN DÍA DE REFERENCIA NAS RELACIÓNS DE GALICIA COA SÚA DIÁSPORA

Se no 2024 o Maratón nacía do convencemento de que a emigración ou diáspora galega, é un capital relacional internacional relevante para o desenvolvemento e oportunidades da Galicia do presente e do futuro, do sociocultural ao económico⁽²⁾, **o Maratón 2025 asentou os vimbios dun formato televisivo por internet, que aposta por situarse como un evento referencial no calendario autonómico, para dotar de contido á actualización necesaria das políticas públicas de Galicia coa súa diáspora.**

No Informe do Maratón 2024 realizamos unha aproximación histórica ao papel da emigración e diáspora galega, desde a tradicional e histórica, até a denominada como Nova Diáspora ou nova emigración⁽³⁾, que segue a ser a síntese esencial, xunto a bibliografía, para o marco teórico do Informe 2025 do Maratón de Galeguidades. Da mesma maneira, o conxunto do Informe 2024 asenta os vimbios desde os que desenvolver as novas aprendizaxes no Informe do Maratón 2025.

Así as cousas, se o Obxectivo xeral do Maratón 2024 e o seu Informe, foi desenvolver a radiografía actual do asociacionismo galego no exterior identificando a diáspora como un axente de desenvolvemento da Galicia do futuro⁽⁴⁾, o Maratón 2025 e o seu Informe, contan como obxectivo xeral identificar camiños a percorrer nos distintos ámbitos dos 14 episodios do Maratón⁽⁵⁾, para saber -Como conectar hoxe a Galicia territorial e a Galicia exterior?

No Informe 2025 do Maratón, identificaremos en primeiro lugar as temáticas dos episodios, os participantes e as principais tramas da conversación en cada un deles. Desta maneira, posteriormente realizarase unha análise das persoas participantes, por países e continentes (poñendo esta análise en liña co Informe do Maratón 2024), así como unha análise da pregunta transversal, procurando identificar as iniciativas concretas para a conexión Galicia territorial-Galicia exterior, que ao longo de todo o Maratón apareceron nos faladoiros. Co conxunto da información realizamos un DAFO, que sirve de resumo esencial do conxunto de aprendizaxes, para pechar o Informe 2025, identificando unha conclusións finais que asenten o coñecemento adquirido tralo Maratón de Galeguidades 2025, así como novas vías que explorar para o Maratón de Galeguidades 2026.

- (2) “Informe do Maratón de Galeguidades 2024: DAFO colectivo arredor da diáspora e a galeguidade no S.XXI como axente de desenvolvemento da Galicia do futuro” dispoñible na ligazón, <https://galeguidades.hub.gal/wp-content/uploads/IGADI-DAFO-Maraton-de-Galeguidades.pdf>
- (3) IGADI 2024 “A emigración galega: do S.XIX á nova diáspora” páxinas 7-9 e “Bibliografía” páx 27-28 no Informe do Maratón de Galeguidades 2024.
- (4) Os tres Obxectivos específicos da produción do programa de televisión por internet “Maratón de Galeguidades” da Deputación da Coruña: 1. Facilitar o diálogo nova diáspora diáspora histórica. 2. Identificar o estado da organización da emigración galega, e 3. Proxectar a Galicia internacionalmente e identificar novas formas de proxección internacional. Para conseguilos realizáronse de maneira transversal 4 preguntas arredor dos 27 episodios do Maratón 2024: Como se organiza a emigración galega no teu país de acollida? Hai algunha persoa galega que teña deixado pegada no teu país de acollida? É recoñecible Galicia no teu país de acollida, que se coñece dela? Poderías nomear algún persoeiro ou persoeira que deixara pegada?
- (5) Como conectar hoxe a Galicia territorial e a Galicia exterior?, Memoria, Música, Economía, Redes sociais, Concellos galegos e cadeas migratorias, Estudos Galegos no mundo, Literatura, Galicia e a lingua portuguesa, Ciencia, Deporte, Cinema, Cultura e Arte, Ano Castelao

2.

ANÁLISE DOS EPISODIOS DO MARATÓN DE GALEGIDADES 2025

O 2º Maratón de Galegidades foi unha xornada e un espazo único, nestes tempos de polarización social, para celebrar e pensar de maneira colectiva, sen cancelas, con todos os acentos, desde todas as formas de sentir a galegidade: un espazo aberto e plural, como de maneira particular amosou o episodio -Concellos galegos e Cadeas migratorias, onde participaron Alcaldes da provincia da Coruña dos partidos políticos con presenza no Parlamento de Galicia.

Para este exercicio de intelixencia colectiva plural, ao longo das 11 horas e 29 minutos do Maratón, as e os participantes dos 14 episodios temáticos situáronse desde o pasado, desde o presente e desde o futuro, artellando fórmulas para conectar de maneira operativa a Galicia coa súa diáspora. **Neste sentido, o Ano Castelao, nacido como iniciativa de entidades galegas de Arxentina e Uruguai aparecía como unha proposta concreta, un exemplo para conectar a Galicia territorial e a Galicia exterior.** Como veremos neste punto do Informe do Maratón de Galegidades 2025, entre as propias persoas e entidades participantes, existían xa exemplos concretos para vigorizar a conexión da Galicia territorial e a Galicia exterior.

Así as cousas, o Maratón contou con participantes desde dentro e desde fóra de Galicia, moito máis alá da provincia da Coruña. Da Costa da Morte ata Bos Aires, desde Compostela ata La Habana, de Ferrol a Montevideo, pero tamén desde Vigo, Ourense ou Lugo, ata Berna, Barcelona ou Lisboa.

Entre os 14 episodios temáticos non houbo espazo para moitos outros episodios que poderían ter feito parte do Maratón. Os Camiños a Santiago ou o Mundo celta, serían propostas abraxentes e universais, que sen dúbida enriquecerán futuras edicións, pero moitos outros episodios quedaron por construírse no futuro: Patrimonio material, Gastronomía, Medios de comunicación na diáspora: das radios do asociacionismo galego aos podcast da nova diáspora, Escolas, Patrimonio inmaterial... **En fin, a Galicia ideal que sinalaba Castelao, como a idea da Galicia que transcende o territorial e se espalla polos cinco continentes como célula de universalidade.**

Cómpre subliñar por último, que no marco da revolución dixital actual, do comercio ás redes sociais e a intelixencia artificial, a pregunta de -Como conectar hoxe a Galicia territorial e a Galicia exterior? ten unha especial relevancia, abrindo horizontes que poden multiplicar o impacto dunha maior relación entre Galicia e a súa diáspora. Así, no marco da Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia, e o conxunto de esforzos institucionais e privados por internacionalizar Galicia, as aprendizaxes deitadas no programa de tv e neste Informe, poden ser especialmente substanciais para o modelo de desenvolvemento da Galicia de hoxe e do futuro.

● EPISODIO 0: ● PRESENTACIÓN EQUIPO IGADI

A presentación do Maratón serviu para proxectar as novidades do programa da Deputación da Coruña na súa segunda edición, que arrincou desde o Campus Industrial de Ferrol, onde o IGADI conta cunha delegación desde o ano 2022, ano en que se inaugurou Grao en Relacións Internacionais da Universidade da Coruña.

Despois de comezar a emisión cuns minutos musicais que uniron a música tradicional galega coas novas derivacións da música de raíz, o equipo do IGADI comezou o día contando anécdotas arredor do proceso de produción do Maratón e avanzando moitos dos contidos e claves que o 24 de xullo, véspera do día nacional de Galicia, traería: o formato do Maratón, o concurso en redes sociais, as persoas e entidades participantes, as expectativas...

» Condutora do faladoiro

- › Marola Padín Novas, Vicedirectora do IGADI.

» Interviron:

- › Diego Sande Veiga, Coordinador da Liña de análise en Economía do IGADI.
- › Marta Álvares, Investigadora asociada do IGADI e especialista en diplomacia deportiva.
- › Roi Pérez Vila, Investigador asociado do IGADI e coordinador de comunicación do Maratón.
- › Daniel González Palau, Director do IGADI

● EPISODIO 1: ● COMO CONECTAR HOXE A GALICIA TERRITORIAL E A GALICIA EXTERIOR?

O primeiro episodio abiruse ás 9:00 do 24 de xullo, abrindo como un pórtico a pregunta transversal que atravesou o Maratón 2025. O punto de partida identificouno David Reinero, condutor do episodio: -no pasado, o vínculo entre Galicia e a súa diáspora artellouse arredor dos centros galegos, espazos creados polos propios emigrantes que cumpriron un papel decisivo: preservar identidade, cultura e solidariedade. A pregunta hoxe é inevitable: seguen sendo válidos?

A resposta do conxunto das persoas participantes foi inequívoca, si, pero non abonda. Os centros son memoria viva, mais a reconexión no 2025 require integrar novas dinámicas do mundo actual. As facilidades actuais de comunicación física –viaxes máis doadas e frecuentes– e os medios dixitais mudaron radicalmente o xeito de organizarse do asociacionismo galego no exterior e de relacionarse coa Galicia territorial.

Manuel Gago, incidiu de maneira concreta en que non se pode falar de Galicia global sen un imaxinario compartido, do pasado, do presente e do futuro, que circule tanto polas rúas de Bos Aires como polas pantallas dos móbiles en Bruxelas. Nese sentido, acentuou que un reto clave é reconectar as distintas vagas migratorias, con imaxinarios sobre Galicia diferenciados. Antía Caramés e Belén Fernández puxeron o foco en en resignificar tanto a idea da emigración como a idea de Galicia no marco do S.XXI. Galicia xa non só expulsa

poboación, gaña habitantes pola migración que chega, resignificándose de maneira aberta. Esa realidade reforza a necesidade dun proxecto aberto de Galicia, capaz de integrar identidades e de situar á diáspora como parte dunha comunidade máis ampla, diversa e híbrida, coa que podemos conectar cada día desde as redes sociais ou a tv por internet. No 2025 danse as condicións idóneas para pensar Galicia máis alá do territorial. Karan Novo, desde a realidade concreta e exitosa do Festival Emigrason, que conta xa con tres edicións dun festival musical galego en Bruxelas, reflectiu sobre a necesidade de incidir na organización de comunidade e canais dixitais de encontro, así como na posibilidade de artellar comunidades especializadas, como a que poden representar as persoas profesionais traballando no ámbito comunitario na UE.

En fin, o desafío do 2025 non é reproducir os vellos modelos, senón xerar novas formas de encontro: redes sociais transnacionais, programas culturais glocais, espazos académicos e científicos compartidos, diálogos interxeracionais... *Un exemplo perfecto desta hibridación representouno o videosaúdo de Pilar Ansede, Presidenta do Centro Galego de Barcelona, onde daba conta da historia e actividades actuais do Centro galego físico máis antigo do planeta.*

» **Condutor do faladoiro**

› David Reiner: Xornalista de Praza Pública

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galeguidades.hub.gal)

› Antía Pérez Caramés: Profesora UDC-Esomi

› Belén Fernández: Profesora UDC-Esomi

› Karan Novo: Festival Emigrasón de Bruxelas

› Manuel Gago: Director CulturaGalega.org, comisario da exposición “Galicia, un relato no mundo”, divulgador cultural...

› O episodio rematou coa proxección dunha do Videosaúdo de Pilar Ansede, Presidenta do Centro Galego de Barcelona.

● **EPISODIO 2:**

● **MEMORIA**

A Memoria é núcleo da identidade colectiva e individual, chave para comprender o pasado, conectar o presente e proxectar o futuro. No Maratón de Galeguidades 2025, o episodio de Memoria puxo o acento na necesidade de retecer vínculos entre xeracións e vagas migratorias, lembrando o exilio tras a Guerra Civil como capa decisiva. **De maneira particular, en todo o episodio subliñouse a relevancia da Memoria como fonte orixinaria de identidade, así como antivírus fronte a discursos racistas e motor de defensa activa dos Dereitos Humanos.**

Neste sentido, Ruy Farías, debullou a paisaxe de espazos urbanos, a pegada galega segue viva en forma de prazas, rúas, arquivos ou centros culturais da Arxentina de hoxe. Con Alina Pérez Rial achegámonos á literatura na conexión de Galicia con Uruguai, con Manuel Losa (un dos fundadores do Patronato da Cultura

Galega, e participante senlleiro do Maratón de Galeguidades 2024) e o seu “Relatos de un emigrante: De Santiago a Montevideo”, que converteuse nun grande éxito, contribuíndo a tender pontes entre a Galicia territorial e a exterior, así como co resto de comunidades humanas con historias migratorias profundas e contemporáneas. Con David Miranda achegámonos a historia americana que conecta Galicia con New York, poñendo o foco non só na pegada de Galicia en New York, con barrios galegos como Newards, se non a presenza de New York en Galicia, pouco explorada. Con Pablo Moreiras achegámonos ao exilio como laboratorio transnacional de cultura galega, con artistas como Seoane, Colmeiro ou Laxeiro, e revistas como Galicia Migrante ou Saudade, e como estos fenómenos alimentaron un imaxinario común a través de teatro, prensa, radio, humor ou a poesía poesía. Finalmente, a entrevista gravada con Pepe Sendón, deixou pegada dun proceso histórico de memoria, a conexión do marco teórico e operativo da Nova diáspora Galega, unha homenaxe ao proxecto ONDA, que entre os anos 2017 e 2018, construíu ferramentas novedosas para representar e comprender a Nova Diáspora galega.

» **Condutor do faladoiro**

› Daniel González Palau, Director do IGADI.

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galeguidades.hub.gal)

› David Miranda Barreiro, Director Centro de Estudos de Gales.

› Alina Pérez Rial, Investigadora uruguaia arredor da biografía de Manuel Losa, fundador vivo do Patronato da Cultura galega de Montevideo.

› Pablo Moreira, Investigador nas manifestacións artísticas do exilio galego.

› Ruy Farías, Investigador arredor da diáspora galega en Arxentina.

› O episodio rematou coa proxección dunha entrevista gravada a Pepe Sendón, escritor, actor, músico e tradutor galego. Creador do proxecto ONDA (Observatorio da Nova Diáspora)

● **EPISODIO 3:**
● **MÚSICA**
●

Con representantes de centros galegos en Australia, Catalunya e Suiza, e a Rede Galega no Reino Unido (Gales), o episodio conducido por Mondra iniciou cun escenario tradicional galego, composto por fotos familiares en branco e negro que acompañaron o episodio. **O diálogo interxeracional e desde diferentes continentes reafirmou un dos aprendizaxes do primeiro Informe do Maratón de Galeguidades, que a música é un dos cementos do asociacionismo galego no exterior, tamén no mundo do 2025.**

A gaita, a percusión, o canto tradicional ou as foliadas acompañaron xeracións enteiras arredor do mundo. O episodio construíu un episodio interxeracional, no que Toni Cotado, como o máis veterano dos participantes, destacou o papel do Centro Galego de Barcelona, con 133 anos de historia, que naceu arredor da música e segue a ser motor cultural non só en Barcelona se non co asociacionismo galego de toda Catalunya. Desde Australia, Laura Rodríguez e Pablo Vázquez lembraron a evolución da presenza da música galega en Australia desde os anos 60, e como hoxe, xa por medio de obradoiros específicos, ou en festivais

de músicas do mundo, a música galega fai de cemento asociativo e de ponte coa cultura local, nun diálogo recoñecible a nivel global na conexión coa tradición irlandesa. Noemí Figuerola, galega de segunda xeración nacida en Suíza, contou a súa traxectoria dende as aulas de música aos seis anos ata presidir o festival Terra Fest, que no 2025 contou a súa terceira edición. Finalmente desde Gales, Xurxo Belón, asentou a súa propia biografía ligada a música, poñendo en valor as xuntanzas periódicas de música tradicional, irmandadas con encontros galegos no Reino Unido Caerdydd Galician Sessions. Rocío Carbia, cun videosaúdo de Galegas na Diáspora desde Arxentina, lembrou as pandareteiras galegas e a celebración do día das Letras Galegas 2025.

A sensación final do episodio é que nalgún momento haberá que facer un Maratón de Galeguidades monográfico arredor da Música.

» **Condutor do faladoiro**

› Mondra: Artista

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galeguidades.hub.gal)

- › Laura Rodríguez de la Fuente e Pablo Vázquez Caderno, grupo musical galego en Australia, Louzco Fouzco e representantes da Asociación de galegas en Sidney
- › Noemí Figuerola Mera: Presidenta da Irmandade Galega da Suíza
- › Toni Cotado: Coordinador actividades culturais Centro Galego de Bacerlona
- › Xurxo Bellón: Divulgador cultural de Galicia no Reino Unido, participa das Caerdydd Galician Sessions.
- › O episodio pechou desde Buenos Aires, cun videosaúdo de Rocío Carbia, representante de Galegas na Diáspora, unha rede feminista de organización dixital, que no 2025 celebrou o día das letras ás Cantareiras Galegas cunha recollida universal a nivel internacional.

● **EPISODIO 4:** ● **ECONOMÍA**

Desde as escolas de indianos de onte ás asociacións de emigrantes galegos no exterior de hoxe, o feito migratorio incide na economía galega e a súa internacionalización. O episodio reforzou a idea de que a economía galega, neste mundo globalizado, tamén debería seguir conectada a súa diáspora, poñendo en valor o capital relacional que representa no mundo do S.XXI.

Nas distintas intervención houbo unha liña forte común, a galeguidade aberta e plural é un valor extraordinario e crítico, unha base cultural forte para “facer piña”, que une empresarios e profesionais galegos en rede, transmitindo valores compartidos. Neste sentido, tanto Óscar Barja, desde Madrid, como Juan Carlos Barrio desde Catalunya, destacaron como as Asociacións de empresarios serven de núcleos para a xeración de valor e oportunidades, mediante xuntanzas regulares, premios anuais e networking, mais tamén por medio dunha arquitectura internacional que une ao conxunto das asociacións de empresarios no exterior, a Amega, Asociación Mundial de Empresarios Galegos.

Por medio dun videosaúdo, Jorge Fernández Expósito, destacou a experiencia da Asociación de Empresarios Galegos no Uruguai, que combina innovación con memoria a través de boletíns, cursos de formación e un premio para facer o Camiño de Santiago, reforzando a ligazón Galicia-Uruguai e a proxección de Galicia no Uruguai.

Converxeron dúas ideas-forza: poñer en valor a marca Galicia e avanzar en maior coordinación.

» **Conductor do faladoiro**

› Diego Sande: Profesor da USC e coordinador da liña de investigación do IGADI en Economía.

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galeguidades.hub.gal)

› Óscar Barja: Xunta Directiva de AEGAMA (Asociación de Empresarios Galegos en Madrid).

› Juan Carlos Barrio: Xunta Directiva de AEGACAT (Asociación de Empresarios Galegos de Cataluña)

› Vídeo-saúdo de Jorge Fernández Expósito (Presidente da Asociación empresarios Uruguai).

● **EPISODIO 5:**
● **REDES SOCIAIS**
●

A revolución dixital foi un tema transversal a todos os temas que atravesan o Maratón 2025, xa que é un factor crítico para conectar a Galicia territorial e a Galicia exterior. **As redes sociais, máis que ferramentas, son hoxe un espazo de encontro que conecta a Galicia territorial coa Galicia exterior, permitindo que as comunidades se manteñan vivas e activas en tempo real, desde calquera parte do mundo. O episodio puxo de relevo de maneira especial como as vellas e as novas xeracións migrantes atoparon nas redes un lugar para dialogar, compartir experiencias e manter viva a identidade, experimentando tamén novas formas de organización.** De feito, a diáspora galega, segue conectada a Galicia polas redes sociais a información sobre Galicia, aos seus seres queridos, as súas redes profesionais, ou aos seus veciños, desde calquera parte do mundo...

Así as cousas o episodio de Redes Sociais, contou con Borxa González, da comunidade máis grande en internet en lingua galega -Orgullo Galego, e Prado Rúa e Oveyanejra, dous influencers de proxección mundial. As tres achegáronse a relación coa diáspora e as redes sociais desde a súa perspectiva como creadores de contidos.

Borxa González, destacou a capacidade de Orgullo Galego para dar voz ás últimas vagas migratorias, convertendo as redes sociais nunha extensión da vida comunitaria, así as cousas unha vida comunitaria extraterritorial, mais cunha forte identidade galega. Pradorúa analizou o seu diálogo permanente coa diáspora galega, especificamente coa Arxentina, froito da súa propia creación de contidos, cunha forte dimensión ligada a conectar hoxe a Galicia coa súa emigración. Pola súa parte, Oveyanejra puxo o foco no humor crítico e na sátira social en galego, tecendo pontes coa emigración a través de contidos que conectan coas vivencias da diáspora, combatendo tanto os estereotipos como os discursos de odio. Todos destacan que Arxentina, EEUU, Brasil, Venezuela, Suiza, en fin, os países clásicos da diáspora galega, son os países que máis seguidores achegan as súas métricas nas redes sociais. Da mesma maneira, as tres protagonistas do episodio converxeron en identificar ao público da diáspora como o máis agradecido en relación á creación de contido

específico para eles, como o máis activo na dinamización das súas comunidades de internet. O videosaúdo final de Modesto Corderi desde a China, da conta da relevancia de pensar as conexións galegas con Asia, empregando figuras simbólicas como as de Pepe Castedo, con potencial para ser ganchos relevantes na esfera dixital chinesa.

Así, as redes sociais confírmanse como un nó estratéxico da galegitude contemporánea, onde a cultura, a lingua e a identidade reinvéntanse e proxéctanse globalmente, dando un espazo extrateritorial permanente para conectar a Galicia territorial e a Galicia exterior.

» **Condutora do faladoiro**

› Estela Muiños Gargamala, Graduada en Comunicación audiovisual Uvigo e creadora do spot do Maratón.

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galegitudes.hub.gal)

- › Borxa González Castro-Orgullo Galego
- › Angel Curras-Oveyanejra
- › María Prado-Prado Rúa
- › Videosaúdo desde China de Modesto Corderi.

● **EPISODIO 6:**

● **CADEAS MIGRATORIAS E CONCELLOS GALEGOS**

Alcaldesas e Alcaldes, xunto a xornalistas especializadas nas migracións galegas construíron este episodio. **Pero, que é unha cadea migratoria?** O proceso polo cal as persoas que emigran a un lugar facilitan a saída e a integración de familiares, amizades ou veciños do mesmo territorio que chegan despois. Funciona como unha rede de apoio, quen xa está asentado ofrece información, acubillo, traballo ou contactos, reducindo riscos e custos da migración. As cadeas migratorias son as autoestradas (as antigas redes sociais) por onde Galicia construíu a súa epopea da diáspora galega.

O condutor do episodio, Santiago Garrido, comezou identificando a provincia da Coruña como a provincia catalizadora do maior volume de poboación emigrada galega, situando en concreto a Costa da Morte, no epicentro desta cadea. Durante o episodio, Alejandra Plaza, realizou unha fotografía da situación actual en Europa, identificando que a emigración segue moi viva, diversa e con formatos pouco visibilizados, mais cun relevo xeracional que varía segundo os contextos. As actividades seguen sendo moitas e moi dinámicas, mais convive un asociacionismo galego que incorporou xa os novos medios de comunicación dixital cun asociacionismo galego máis clásico, máis ancorado aos Centros físicos e a comunicación tradicional. Subliñou a potencialidade da diáspora, como catalizadores de relacións comerciais.

A Alcaldesa Mónica Rodríguez relatou de maneira a específica a experiencia de Vimianzo e do Gremon (que situou como a vixésima oitava parroquia de Vinianzo) subliñando a importancia de empregar intercambios para manter o contacto vivo e produtivo, así como outros mecanismo de comunicación, como as referencia á emigración no espazo público e os tradicionais irmandamentos. O Alcalde de Santa Comba, Alberto

Romar, subliñou especialmente o agarimo que senten as comunidades migrantes cara o seu lugar de orixe, unha das claves da fortaleza dos vínculos. O Alcalde de Vedra destacou a conexión que se realiza coas comunidades migradas coas festas locais funcionan como nodos destas cadeas, na que especificamente destaca as festas dos Dolores, que se celebra e maneira sincrónica en Buenos Aires e en Vedra. Evencio Ferrero, Alcalde de Carballo, puxo o acento no cambio na vivencia da galegitude e nas ameazas que representa para o relevo xeracional no asociacionismo máis tradicional... Na entrevista gravada con Valentín Formoso, o Presidente da Deputación, reflexionou sobre o cambio de natureza das cadeas migratorias (no caso das Pontes, especialmente ligadas a Cuba) e na necesaria actualización das políticas de relación coa diáspora.

Todos reflectiron sobre os cambios en curso dos procesos e cadeas migratorias, dunha banda polo cambio de dinámica histórica, coa acollida de persoas migrantes chegadas a Galicia, así como pola propia experiencia migrante galega, substancialmente diferente en relación ao imaxinario clásico.

O episodio mostrou que, dende as parroquias até as grandes cidades, os concellos galegos son memoria viva da emigración e poden ser tamén motores para proxectar Galicia no presente e no futuro. Saíron propostas temáticas para novos episodios, como un centrado en Canarias ou outro centrado na migración ao Reino Unido tras seis anos de Brexit.

» **Conductor do faladoiro**

› Santiago Garrido: Xornalista de La Voz de Galicia

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galeguidades.hub.gal)

› Alberto Romar (Alcalde Santa Comba)

› Monica Rodriguez (Alcaldesa de Vimianzo)

› Carlos Martínez Carrillo (Alcalde de Vedra)

› Alejandra Plaza, (Xornalista e escritora)

› Evencio Ferrero Rodriguez (Alcalde Carballo)

› O episodio rematou coa proxección dunha entrevista con Valentín González Formoso, alcalde das Pontes de García Rodríguez desde xuño de 2007 e presidente da Deputación Provincial da Coruña desde 2015.

● **EPISODIO 7:** ● **ESTUDOS GALEGOS**

Os estudo galegos son a maneira que ten Galicia de entrar nas Universidades de todo o mundo. A globalización e a dixitalización transformaron e problematizaron as cuestións identitarias. Como afecta isto á galegitude hoxe, que papel xogan os estudos galegos no 2025?

O episodio construído por Facundo Reyna Muniain, construíuse desde o marco dos horizontes e perspectiva dos estudos galegos desde unha perspectiva transdisciplinar. Entre as ideas forza que emerxeron no faladoiro, Elin Haf Gruffydd Jones, acentuou a necesidade de conexión en rede entre activistas e académicas,

así como a relación das linguas co territorio, ligado ao problema global de desertización dos espazos rurais, onde se acostuman concentrar a maior porcentaxe de falantes de linguas minorizadas. Xaquín S. Pérez-Sindín puxo de relevancia absoluta o contexto de policrise para os estudos galegos, onde unha comunidade como a galega, ressignifica a súa cultura máis alá do territorial, abrindo proveitosos diálogos cos estudos postcoloniais emerxentes a nivel mundial. Marta de Carvalho Silveira acentuou a viveza dos estudos ibéricos e as grandes sinerxías presentes entre a comunidade galega no exterior e os estudos galegos, aínda por explotar. Tamén puxo de relevancia pensar o presente e o futuro alén dos marcos territoriais estatais clásicos, e nese sentido, a ligazón coa lusofonía converxe de maneira rotunda coa Eurorexión atlántica. O videosaúdo de Alberto Félix Paz, desde o Centro de Estudos da Universidade do Minho, reforza a lóxica integral destas mensaxes, desde o capital acumulado de décadas das ducias de Centros de Estudos Galegos polo mundo ou a Asociación Internacional de Estudos Galegos.

Todas as investigadoras converxeron en identificar as particularidades da identidade galega no contexto global, como unha máis valía para o territorio a explorar en potenciais espazos de investigación en perspectiva comparada a nivel mundial, ao estar conectadas ás transformacións da galegitude con cambios profundos con outras culturas universais que tamén desbordan o territorial.

» **Condutor do faladoiro**

› Facundo ReynaMuníain: e investigador asociado do IGADI-Observatorio das Diásporas.

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galegitudes.hub.gal)

› Xaquín S. Pérez-Sindín (Universidade de Copenhagen, sección de xeografía)

› Marta de Carvalho Silveira (Universidade do Estado do Rio de Janeiro)

› Elin Haf Gruffydd Jones (Catedrática na Universidade de Gales e directora do Centro de Estudios Avanzados Galeses e Célticos).

› Alberto Félix Paz (Centro de estudos galegos da Universidade do Minho)

● **EPISODIO 8:** ● **LITERATURA**

A diáspora foi refuxio para a creación literaria e artística, en xeral, sobre todo en determinadas épocas históricas, este refuxio provocou a súa vez que máis escritoras comencaran a empregar a nosa lingua nas súas publicacións. A literatura conforma, sen dúbida, unha das mellores pontes entre Galicia e a súa diáspora... e entre Galicia e o estranxeiro en xeral?

A condutora do episodio, Marga Tojo, partiu do marco de identificación da diáspora como un refuxio e laboratorio creativo para a literatura galega de actualidade rabiosa. Desde ese grande pórtico, as persoas participantes no faladoiro converxeron en identificar a literatura como un espazo para que autoras e autores experimentasen coa lingua e os xéneros, fortalecendo a galegitude e proxectándoa máis alá das fronteiras. Existen ducias de exemplos históricos, mais na actualidade, aparecen fenómenos diferenciados,

como a experiencia de Sara Guerrero, que se autoidentificou como “galega accidental”, identificando novas narrativas de galegidade ligadas as propias literaturas migrantes, que evidencian a emerxencia de identidades postnacionais que enriquecen o sistema literario galego. En liña con estas análises, a experiencia de Susana González, impulsora do proxecto -Galeman Poesie, que conectan autores, lectores e festivais para a tradución de poesía do galego ao alemán e viceversa, facendo posible que se pertenza á literatura desde a distancia, internacionalizando a mesma, no proceso de experimentar con novos medios online. Suso de Toro analizou de maneira crítica a cultura de migración galega, non só como necesidade, senón como estratexia vital e creativa, actualmente nunha redefinición profunda que abre escenarios futuros aínda por contornar.

O episodio subliñou que a literatura actúa como ponte entre Galicia e o mundo, mantendo viva a lingua, a cultura e a memoria colectiva, ao mesmo tempo que permite dialogar con audiencias internacionais e novas xeracións de galegos na diáspora.

» **Condutora do faladoiro**

› Marga Tojo, Escritora e comunicóloga

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galeguidades.hub.gal)

› Suso de Toro, Escritor

› Susana González, galega en Suiza (Berna), impulsora do proxecto Galemán Poesie de tradución de poesía de mulleres galegas ao alemán.

› Sara Guerrero, escritora mexicana, recibiu o premio anual 2025 da Plataforma literaria feminista A Segá, polo seu libro "Eu son o monte".

● **EPISODIO 9:**

● **GALICIA E A LINGUA PORTUGUESA**

Un grande tema que leva séculos entre nós. O episodio centrouse en pensar como nos vén desde Portugal, Brasil e Mozambique. Que cres que pode aprender Galicia da cultura lusófona e viceversa? Somos parte da mesma?

O episodio achegouse a como Portugal, Brasil e Mozambique, son ao mesmo tempo referentes culturais e socios para intercambios académicos, económicos e artísticos. Marcos Neves sinalou que, aínda que a relación de Portugal con Galicia non é un tema central da axenda portuguesa, existe unha maior presenza e unha maior comunicación e comprensión mutua en termos amplos. Bonifacio Carvalho destacou o diálogo de saberes e identidades por explorar entre Galicia e Mozambique, especialmente na cooperación científica, institucional e mesmo nos negocios, como a pesca. Milena Barroca salientou a importancia de visibilizar Galicia dentro da lusofonía, por exemplo a través da participación na JUPLP (Juventude Unida dos Países de Lingua Portuguesa), onde a lingua actúa como signo de identidade compartida e no que o próximo ano a presidencia será galega.

Erica Sarmiento mencionou que, aínda que o mundo académico pode ser illado, as redes de galegos en Brasil e a eurorexión Galicia-Norte de Portugal funcionan como fluxos migratorios e culturais comúns que hai

que proxectar ao mundo con novas narrativas. O emocionante vídeosaúdo que pechou o episodio dese Suiza, de Pablo Dios, lembrou que non hai fronteiras para o galego.

O episodio subliñou que alén da identificación ou non do galego e portugués como unha mesma lingua, a dimensión cultural compartida e a comprensión mutua diáfana, xoga un papel crítico na conexión de Galicia cos países de lingua oficial portuguesa, abrindo escenarios potencialmente valiosos para maiores conexións económicas, académicas ou socioculturais, de Galicia con África e América especificamente.

» **Condutor do faladoiro**

› Jon Amil: Médico e Presidente da AGAL.

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galeguidades.hub.gal)

- › Marcos Neves: Professor na NOVA FCSH e autor de varios libros sobre a lingua, incluíndo “Atlas Histórico da Escrita”, “História do Português desde o Big Bang” e “O Galego e o Português São a Mesma Língua?”
- › Erica Sarmiento: Historiadora e investigadora, con trajetória consolidada en estudos migratórios, mantén unha ligazón profunda con a Galiza, ao ser brasileira e ter estudado a fondo a diáspora galega no Brasil. Professora na Universidade do Estado do Rio de Janeiro (UERJ).
- › Bonifacio Carvalho Conde: é sacerdote diocesano da Beira, ordenado en 2016. É Doutor em Direito Canónico pela Universidade Pontifícia de Salamanca. Actualmente é professor da Língua Latina e Coordenador do Departamento de Estudos Galegos na Universidade Católica da Beira.
- › Milena Barroca: tem formação em Economia e é empreendedora e ativista cultural moçambicana. É membro da JUPLP e tem dedicado a sua trajetória a projetos de intercâmbio e promoção da identidade lusófona. Reconhecida como uma das 100 Pessoas Mais Influentes da África em 2024.
- › O episodio rematou cun vídeosaúdo de parte de Pablo Dios, Presidente da revista cultural nacida na diáspora, “O Ferrado”.

● **EPISODIO 10:**

● **CIENCIA**

A emigración, sobre todo a da mocidade formada no S.XXI, continúa a ser unha realidade incómoda. A ciencia, como motor da innovación e o desenvolvemento dun país, é núcleo das solucións para o futuro. Como é traballar neste eido fóra das nosas fronteiras e como podemos tecer pontes desde Galicia coa nosa diáspora científica?

No 2025, moitos e moitas científicas galegas deben buscar oportunidades fóra de Galicia para desenvolver as súas carreiras, non por necesidade económica, senón por falta de alternativas profesionais locais. Este movemento, aínda que complexo, tamén oxixena a mente e impulsa a innovación, creando pontes de coñecemento entre Galicia e a súa diáspora científica. Todos estes elementos estiveron presentes na condución do episodio de Sonia Villapol, enriquecido polo diálogo interxeracional que propiciou arredor da ciencia

e a diáspora galega. Nesa liña, Ana López destacou a importancia de manter as conexións con Galicia con iniciativas como Investigal, a propia vivencia persoal e as expectativas de futuro. Pola súa banda, José Joaquín Lado, realizou unha poderosa crítica estrutural ao sistema científico galego-español, afeando que máis alá das disputas partidistas, non sempre se toma en serio como motor de futuro polo conxunto do sistema institucional. Xesús M. Abalo, puxo o foco na necesidade dun sistema científico robusto, capaz de sustentar un modelo produtivo e social máis sostible, que ten na conexión coa diáspora, ferramentas de aprendizaxe de éxito dispoñibles e aproveitables.

O episodio subliñou que a ciencia non é só unha carreira individual, senón un eixo de transformación social onde hai que incorporar ao conxunto da sociedade e as institucións de maneira estratéxica e sostida. Nese sentido, o capital relacional e a conexión internacional da diáspora científica galega achega valor específico e relevante para o modelo de desenvolvemento do futuro.

» **Condutora do faladoiro**

› Sonia Villapol: Neurocientífica galega en Houston.

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galeguidades.hub.gal)

› Ana López Malvar: doutora en Bioloxía, investigadora posdoutoral estudando o cultivo do millo no Institut Jean-Pierre Bourgin de Versailles (Francia).

› Xesús M. Abalo: Neurocientífico e biólogo molecular, traballa no Centro Nacional de Xenómica (NGI) en Suecia.

› Jose Joaquin Lado Abeal: Xefe da División de Endocrinoloxía, Diabetes e Metabolismo no UCD Hospital e UCD Health en Sacramento (EEUU)

● **EPISODIO 11:** ● **DEPORTES**

O episodio máis longo do Maratón 2025 foi o de Deportes, que nesta ocasión centrouse no fútbol. Como un dos fenómenos sociais máis vigorosos no mundo do pasado e do presente, o deporte tece fíos visibles e invisibles nas conexións de Galicia coa súa diáspora. Historias épicas, procesos de construción de identidade colectiva e educación comunitaria, así como potencialidades variadas para conectar hoxe a Galicia territorial e a Galicia exterior.

Seguindo estas liñas identificadas pola condutora do episodio, Marta Álvarez, Carlos Andujar rescatou a historia do Deportivo Español, punto de encontro do fútbol galego en Arxentina, onde convivían de maneira transversal desde os migrantes económicos aos políticos, desafiando estereotipos e fomentando orgullo galego, incluso inspirando cancións da Orquestra Compostelá. Bibiana Santiso destacou o papel do Deportivo de Londres, froito da presenza galega no Reino Unido e desde a súa propia experiencia vivencial, conectando o deporte coa educación comunitaria, tamén ligada a outros ámbitos de socialización da diáspora como a música. María Sabarís subliñou a necesidade de deixar de banalizar o fútbol como fenómeno social de masas, recoñecendo o seu valor social e cultural e construtor de comunidade. Manel Méndez, pola súa banda,

acentou a ligazón lusófona que se produce en Holanda e na conexión do fútbol como deporte e fenómeno social global.

A entrevista co xornalista Arturo Lezcano serviu para amosar o fenómeno das migracións galegas desde a perspectiva xornalística, actual e na súa evolución histórica durante a Autonomía galega. Puxo en valor Uruguai ou Arxentina, a presenza de figuras esquecidas como Cheché Martín, que conectan exilio, memoria e deporte.

O episodio evidenciou que o deporte e o fútbol non é só competición, é un vehículo de memoria, orgullo, cohesión e educación, capaz de manter vivas as conexións entre Galicia territorial e a súa comunidade global, converxendo e fortalecendo o diálogo cos territorios de acollida da diáspora galega, de maneira específica tamén, con outras derivacións da identidade galega, como a cultura celta ou lusófona.

» **Condutora do faladoiro**

› Marta Álvarez, Investigadora asociada do IGADI e especialista en diplomacia deportiva.

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galeguidades.hub.gal)

› Carlos Andujar, Foi Directivo do Club Deportivo Español de Buenos Aires e durante 14 anos o seu responsable de prensa.

› Bibiana Santiso, Medrou na emigración galega no Reino Unido, ligada ao Clube Galicia de Londres e a outras manifestacións da diáspora galega no Reino Unido. Posteriormente regresou a Galicia e traballou no RC. Deportivo da Coruña. Impulsora do fútbol galego feminino. Ten o blog, <https://bibibloomsfree.com/>

› Manel Méndez, Presidente da Peña Deportivista Zuid Holland.

› María Sabarís, Vicepresidenta da peña celtista London Celtas

› O episodio finaliza coa proxección dunha entrevista con Arturo Lezcano, Xornalista e produtor, que en outono do 2025, lanza o libro xornalístico sobre a diáspora "O país invisible".

● **EPISODIO 12:**

● **CINEMA**

O cinema galego sempre tivo entre as súas temáticas a historia da nosa diáspora e a experiencia migrante. De feito, co nacemento da TVG, emitiuse por primeira ocasión -Mamasunción (Chano Piñeiro), o 24 de xullo de 1985, o primeiro día da emisión en probas da canle oficial autonómica. No episodio reivindicouse o cinema como forma de pensamento, de proxección internacional de Galicia e de ferramenta para conectar a Galicia territorial e a Galicia exterior.

O condutor do episodio, Angel Suances, destacou esa liña histórica que conecta a diáspora co cinema galego, desde Sempre Xonxa ás obras do novo cinema galego, construíndo unha identidade visual propia. Desde ese punto de partida, Carla Andrade puxo en valor, que o cinema galego non só narra historias; constrúe identidade desde o sensorial e a imaxe, conectando persoas e comunidades, dando visibilidade interna-

cional á cultura galega, ao tempo que serve como experiencia de autocoñecemento e identidade individual e colectiva. Diana Toucedo reflexionou sobre a necesidade de conectar tradición e modernidade desde Galicia, como parte do diálogo internacional que no audiovisual se produce de maneira natural, ao ser un sector profesional cunha forte mobilidade internacional, que combina traballo dentro e fóra de Galicia, mantendo viva a conexión coa diáspora e novos escenarios non tradicionais das migracións galegas. Eloy Domínguez puxo de relevancia as últimas dúas décadas de éxitos do novo cinema galego como factor crítico da proxección internacional de Galicia, descubrindo paisaxe, idiosincrasia, historia, idioma, nun eido específico relevante da construción dos imaxinarios globais.

O episodio deixou claro que o cinema é máis que entretemento, é memoria, identidade, proxección global, coñecemento, ferramenta de diálogo con outras culturas... un vehículo que proxecta Galicia cara ao mundo fortalecendo as súas particularidades históricas, o seu perfil actual e a súa voz única no horizonte de futuro, nun dos fenómenos sociais máis importantes a nivel global para a creación de imaxinarios compartidos.

» **Condutor do faladoiro**

› Angel Suanzes: Xornalista cinematográfico, guionista e redactor da RG

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galeguidades.hub.gal):

› Eloy Domínguez: Cineasta galego de longa traxectoria internacional, tanto como director ou crítico.

› Diana Toucedo: Cineasta e montadora, sitúase na intersección entre o cinema e a investigación. Conta cunha longa traxectoria internacional, sendo actualmente profesora na Universitat Pompeu Fabra de Barcelona ou parte da dirección do Master of Film da Netherlands Film Academy.

› Carla Andrade: Fotógrafa e artista audiovisual galega de recoñecemento internacional. Especializada en capturar paisaxes oníricos e naturais, profundamente marcada pola súa relación co Océano Atlántico

● **EPISODIO 13:**
● **CULTURA E ARTE**

As distintas manifestacións culturais e artísticas de Galicia acompañan as cadeas migratorias que conectan Galicia co mundo desde hai séculos. Nesa viaxe contaxíase das culturas de chegada e proxectan a nosa arte nos países de acollida. Neste episodio evidenciouse a experiencia artística na migración, o seu papel no asociacionismo galego, histórico e actual, e as posibilidades que abre a revolución dixital para conectar a Galicia territorial e a Galicia exterior.

Desde este marco inicial, Soledad Felloza, asentou as bases do diálogo, na que Ariana Savio, subliñou con forza a cultura como un todo conectado ás manifestacións artísticas, das romarías á música, construíndo emocións extraordinarias arredor desa Galicia universal, que vai de Compostela a Caracas. Breogán Xague, desde a súa experiencia vivencial de artista multidimensional, sinalou que a identidade ligada á diáspora é natural e orgánica, transmitida de xeración en xeración, cos paisaxes, as linguas e a memoria como ele-

mentos cargados de historia. Melisa Asorey destacou que a cultura galega desperta interese internacional e que, ao compartir e fundirse con outras tradicións, constrúese un imaxinario colectivo global que reforza a presenza de Galicia no mundo.

Neste episodio, queda claro que a arte e a cultura son pontes vivas, capaces de conectar xentes, territorios e tempos, mantendo a diáspora vinculada á súa terra de orixe sen perder a capacidade de transformarse e innovar. O episodio tamén reflexionou sobre a importancia dos intercambios artísticos, as traducións de textos e a participación en redes culturais globais.

» **Condutora do faladoiro:**

› Soledad Felloza: Actriz, contacontos, fotógrafa e xestora cultural

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galeguidades.hub.gal):

› Breogán Xague: Artista galego multidisciplinar en Suecia

› Melisa Caramés Asorey: Coordinadora das aulas de música da Rede Galega no Reino Unido

› Arianna Savio: Coordinadora de Cultura da Hemandad Gallega de Caracas

● EPISODIO 14:

● ANO CASTELAO

O Ano Castelao naceu como unha demanda das entidades da diáspora, nomeadamente de Arxentina e Uruguai. A súa celebración é un exemplo perfecto para pensar en como conectar a Galicia territorial e a Galicia Exterior hoxe. O Maratón 2025 rematou desde Buenos Aires, subliñando o papel activo da diáspora nas celebracións e recordando que Galicia non se limita ao seu territorio físico. Paula Sabajanes, condutora do episodio, aproveitou este pórtico inicial para situar o diálogo entre as persoas participantes, Castelao representa unha liña que conecta o pasado coa Galicia do presente, desde a cultura ata a memoria social e política. Nesa liña, Miguel Anxo Seixas felicítouse da vivacidade e variedade de actividades (até un prato gastronómico chamado -Alba de Gloria) para homenaxear e poñer en valor a figura de Castelao, na Galicia territorial e na Galicia exterior, mais identificou como lagoas do Ano Castelao, a falta de consenso político do Parlamento ou o papel da TVG. Carlos Brandeiro puxo de relevancia o salto de recoñecemento da figura de Castelao na historia de Galicia e como construtor de pontes entre a Galicia territorial e a Galicia exterior, nunha liña de tempo invertida onde as grandes empresas, os clubs deportivos ou as manifestacións culturais contemporáneas atraen a atención das novas galeguidades en Arxentina (alén das derivacións en ocasións da figura de Castelao como figura ornamental). Francisco Chesqui reflexionou sobre o longo proceso de construción do Ano Castelao e as súas imperfeccións, desde a visión do Partido Galeguista, un dos promotores da iniciativa.

O episodio e o propio Maratón de Galeguidades 2025, rematou coa proxección dunha entrevista con Juan Carlos Gómez, gardián arxentino do legado de Castelao (bedel do Centro Galicia de Buenos Aires, leva 55 anos cuidando do patrimonio que Alfonso Daniel Castelao legou ao Centro Ourenzano).

» **Conductor do faladoiro**

- › Paula Sabajanes: Xornalista e investigadora asociada do IGADI-Observatorio das Diásporas. Está a coordinar o Especial sobre o Ano Castelao do IGADI.

» **Participantes no faladoiro** (descricións biográficas en galeguidades.hub.gal):

- › Carlos Brandeiro: Director do Instituto Santiago Apostol de Buenos Aires
- › Miguel Anxo Seixas: Presidente da Fundación Castelao
- › Francisco Chesqui: Partido Galeguista
- › O episodio e o propio Maratón de Galeguidades 2025, remata coa proxección dunha entrevista con Juan Carlos Gómez, gardián arxentino do legado de Castelao (bedel do Centro Galicia de Buenos Aires, leva 55 anos cuidando do patrimonio que Alfonso Daniel Castelao legou ao Centro Ourenano).

3.

ANÁLISE DE PARTICIPANTES, PAÍSES E CONTINENTES

Durante o Maratón de Galeguidades:

- » En total participaron de maneira presencial como convidadas 58 persoas no programa do 24 de xullo, ás que deben sumarse 9 persoas participantes nas Entrevistas previas e os Vídeosáudios gravados, así como unha ampla rede de 35 persoas que colaboraron desde o IGADI, especialistas desde Galicia e o propio equipo de entrevistadores. O total das 102 persoas participantes descende lixeiramente sobre as 106 persoas participantes na edición do 2024.
- » Todas as conexións programadas na escaleta (inicialmente definida para 11 horas de duración e finalmente concretado nas 11h 30 minutos) saíron como foran planificados.
- » A idade media do conxunto de participantes no Maratón situouse nos 42 anos, o que significou unha rexuvenización do perfil total en relación ao Maratón de Galeguidades 2024. En total, participaron 48 mulleres e 54 homes.
- » Entre o conxunto das persoas participantes identificamos 4 categorías de análise:

DIÁSPORA HISTÓRICA. Podemos subdividir a categoría en catro perfís diferenciados: Galegos de segunda xeración, xa nacido fóra de Galicia, así como persoas ligadas a emigración histórica de comezos da segunda metade S.XX e o exilio, até representantes da emigración tardía dos anos 80-90.

NOVA DIÁSPORA. Aínda que a nivel académico existen diferentes debates sobre a categorización das distintas correntes migratorias galegas, para a nosa análise de contidos do Maratón decidimos identificar á Nova Diáspora como a realidade que impulsou en Galicia a última vaga migratoria, que se correlaciona coa crise economía financeira que inicia no ano 2008, popularmente identificada coa bancarrota de Leman Brothers.

Cómpre sinalar que nesta categoría incluímos tanto migrantes consolidados que acabaron por vivir de maneira permanente fóra de Galicia como aqueles identificados como migrantes líquidos, que circulan dun país a outro, ligado á natureza desta Nova Diáspora, cun forte capital educativo e cultural.

NOVAS GALEGUIDADES. Nesta categoría introducimos ás persoas de galeguidade adquirida. Persoas sen unha ligazón adscrita á galeguidade, que sen ter nacido en Galicia, decidiron aprender e desenvolver a cultura e lingua galega no mundo, globalizándoa, sendo embaixadores da mesma.

EQUIPO IGADI E ENTREVISTADORAS. Nesta categoría asociamos ás persoas que participaron no Maratón como condutoras e condutores do faladoiro, así como equipo IGADI e especialistas galegos arredor da diáspora que participaron no programa.

Así as cousas contabilizamos 26 persoas representantes da diáspora histórica, 35 persoas ligadas á Nova diáspora e 6 persoas representantes da idea de Novas Galeguidades. Xunto a eles, a Galicia continental conectouse con 35 persoas entrevistadoras independentes ou do Equipo IGADI. As cifras reflicten unha maior participación desde a propia Galicia territorial (encapsuladas na categoría Equipo IGADI e entrevistadores), ligada á participación dun maior número de expertos na diáspora, cultura e economía de Galicia, así como as Alcaldes e Alcaldesas, xornalistas ou os especialistas galegos en redes sociais, que participaron en faladoiros temáticos como convidados.

En relación á análise dos participantes por continentes, debemos facer un comentario xeral: a estrutura temática e a pregunta transversal que conectou todo o Maratón, levou a que a aproximación xeográfica das persoas participantes do Maratón se concentrase nos países tradicionais da diáspora galega así como na propia Galicia, feito que minimizou non só Asia, se non tamén África e que acabou por reforzar a participación europea e americana, do Maratón 2025.

- » Oceanía e Asia: Se no 2024 contamos con episodios do Maratón focados en China, Australia, Xapón e a India, no 2025 tan só Australia e China representaron ao continente asiático.
- » Europa: No 2025 o Maratón de Galeguidades, en relación á edición do 2024, espallouse a Holanda, Suecia e Gales (Reino unido) perdeuse a conexión con Italia, mantendo: España, Portugal, Francia, Reino Unido (Irlanda e Inglaterra), Bélxica, Suiza, Alemaña e Dinamarca. Sen dúbida foi o continente estrela do Maratón 2025, con representantes europeos nos 14 episodios do Maratón.
- » África: Mozambique contou con dous participantes, desde o episodio de lusofonía, mais froito da lóxica temática do Maratón tamén descendeu na súa representatividade.
- » Américas: Xunto con Europa, o continente máis representado no Maratón, froito da estrutura temática. Tivo presenza en 8 de 14 episodios do Maratón: Arxentina, Uruguai, Brasil, Venezuela, EEUU.

4.

ANÁLISE DA PREGUNTAS TRANSVERSAL

A lóxica integral do Maratón partiu dun exercicio de intelixencia colectiva para aproximarse temáticamente ao asociacionismo galego no exterior e máis alá, procurando atopar propostas concretas para conectar a Galicia territorial e a Galicia exterior hoxe, no contexto do 2025 e particularmente da revolución dixital.

Desta maneira, edificouse o programa por medio de 14 episodios temáticos, que deron ricos análises sobre o estado da cuestión, onte, hoxe, así como fórmulas para reforzar as ligazóns no futuro.

Así as cousas, presentamos un cadro resumo das principais ideas-forza e propostas concretas que apareceron ao longo de todo o Maratón 2025.

» Como conectar hoxe a Galicia territorial e a Galicia exterior?

EPISODIO	PROPOSTAS E IDEAS FORZA DE CONEXIÓN
PRESENTACIÓN	O Maratón como evento dixital de referencia , fixar o 24 de xullo como día clave da acción exterior galega. Consolidar un espello global da galegitude .
1. CONECTAR HOXE GALICIA TERRITORIAL E GALICIA EXTERIOR?	Dixitalización dos Centros galegos históricos. Creación de comunidades especializadas (profesionais UE, investigadores, artistas). Potenciar manifestacións xa existentes: festivais (<i>Emigrasón, Terra Fest</i>), podcasts (<i>Mimadriña London, Fóra de Mapa</i>), revistas (<i>O Ferrado</i>), redes (<i>Rede de Galegas UK, Mulleres na diáspora</i>). Desenvolver un portal dixital-cartográfico para visibilizar a actividade da diáspora. Galicia como comunidade desterritorializada .
2. MEMORIA	Creación dun Museo da Emigración Galega . Maior presenza da memoria migratoria no currículo escolar (obras como <i>Relatos de un emigrante</i> de Manuel Losa). Proxectos locais de memoria que dean voz á emigración, en clave humanizada e interxeracional . Dixitalización e arquivo de biografías. Usar a memoria como antídoto contra discursos de odio .
3. MÚSICA	Concertos nos Centros Galegos durante xiras. Coproducións Galicia–diáspora. Novos festivais (Bruxelas, Suíza). Plataformas dixitais de música galega global . Promover a música como un dos cementos identitarios universais .
4. ECONOMÍA	Reforzar a rede de Asociacións de Empresarios Galegos no exterior e a coordinación de todas elas co sistema de acción exterior galego. Valorizar a marca Galicia como selo internacional de confianza .

5. REDES SOCIAIS	Dar visibilidade á acción da diáspora nas redes. Combater estereotipos con humor crítico e contidos culturais. Crear eventos en liña entre Galicia e a diáspora . As redes como espazo extrateritorial permanente da galeguidade.
6. CONCELLOS E CADEAS MIGRATORIAS	Impulsar irmandamentos activos (11 só na provincia da Coruña) con fórmulas dixitais. Intercambios educativos, culturais e empresariais. Incorporar a emigración á sinalética urbana e festas locais (ex. Vedra-Bos Aires). Actualizar políticas públicas das Deputacións e Concellos en clave transnacional.
7. ESTUDOS GALEGOS	Conectar investigadores/as e activistas culturais en rede. Desenvolver liñas sobre glocalidade, globalización e estudos comparados . Promover foros dixitais permanentes. Potenciar a Eurorexión Atlántica e a relación coa lusofonía. Os estudos galegos como porta académica ao mundo .
8. LITERATURA	Apoiar proxectos como <i>Galemán Poesie</i> . Crear redes de tradución e festivais literarios galegos no exterior. Integrar Galicia nas plataformas internacionais de literatura migrante . Promover identidades postnacionais e híbridas a través da escritura.
9. GALICIA E A LINGUA PORTUGUESA	Normalizar o uso do galego-portugués nas relacións coa lusofonía. Participación galega en organizacións xuvenís lusófonas (JUPLP). Cooperación cultural, científica e económica con Portugal, Brasil e Mozambique. Visibilizar Galicia como parte do espazo lusófono global .
10. CIENCIA	Fortalecer redes científicas con articulación no exterior (<i>Investigal</i>). Aprendizaxe doutros sistemas máis produtivos. Apoiar a transferencia de coñecemento Galicia-diáspora . Reforzar políticas públicas que integren á diáspora científica como capital relacional estratéxico .
11. DEPORTE	Estreitar relacións entre clubs galegos e da diáspora. Fomentar irmandamentos deportivos e canteiras compartidas. Poñer en valor clubs históricos da emigración (Deportivo Español, Deportivo de Londres). Promoción de subvencións para alianzas de clubs Galicia territorial-Galicia exterior. O deporte como seguro de futuro e cohesión cultural .
12. CINEMA	Proxección de cinema galego en Centros Galegos. Apoio a festivais como o Galician Film Forum de Londres . Promover coproducións internacionais. Usar o cinema como vehículo de identidade, memoria e proxección global .
13. CULTURA E ARTE	Crear unha base de datos internacional de artistas galegos . Conectar escolas e espazos de arte entre Galicia e a diáspora. Promover exposicións conxuntas e espazos virtuais de creación . A cultura como ponte viva e transformadora .
14. ANO CASTELAO	Reforzar a coordinación institucional nas celebracións. Expandir a figura de Castelao como símbolo universal da galeguidade . Crear un programa permanente de memoria e futuro Castelao en Galicia e na diáspora.

As propostas presentadas parten das moi variadas propostas xa existentes en marcha, mais tamén de novas ideas, que van de accións concretas e puntuais, a unha nova ollada xeral de relación de Galicia coa súa diáspora, como fonte de identidade e desenvolvemento socioeconómico e sociocultural de presente e futuro.

5. DAFO

Trala análise de participantes e temáticas cos que se organizou a 2ª edición do Maratón de Galeguidades 2025, como un exercicio de intelixencia colectiva, retratamos unha análise DAFO en relación ás potencialidades da diáspora galega como axente de desenvolvemento da Galicia do futuro, en liña coa Lei de Acción Exterior de Galicia, no marco da Lei de Acción Exterior de Galicia". DAFO do Maratón de Galeguidades e da Galeguidade Global.

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Continuidade histórica da organización da emigración galega: dos Centros físicos ás novas formas de organización cultural e dixital.	Desigual dixitalización dos Centros Galegos e o asociacionismo galego históricos.
Alto nivel de cualificación e formación das novas xeracións emigradas (ciencia, economía, cultura).	Falta dunha diplomacia dixital decidida desde as institucións galegas, así como ausencia de visibilización da Galicia exterior na Galicia territorial.
Comunidade do Maratón de Galeguidades en crecemento, con vocación de espazo anual de referencia.	Desigualdade xeográfica e sectorial no Rexistro de Galeguidades e nas redes institucionais.
Rede cultural e creativa da diáspora (música, literatura, cinema, arte) como capital identitario e simbólico.	Falta de determinación para abrir novos mecanismos de conexión Galicia territorial-Galicia exterior.
Capacidade da diáspora empresarial e científica para actuar como capital relacional estratéxico.	Escasa integración da emigración nas políticas locais e educativas en Galicia.
Identidade galega viva, plural e desterritorializada, reforzada pola memoria da emigración.	Visibilidade desigual das novas diásporas fronte ás comunidades históricas.

AMEAZAS	OPORTUNIDADES
Inestabilidade global (crises xeopolíticas, económicas e climáticas) que impacta nas comunidades migrantes.	Diáspora crecente e dixitalizada, que crea novos espazos transnacionais de galeguidade.
Risco de perda de relevo xeracional nos Centros galegos históricos e nas asociacións tradicionais.	Potenciar a diplomacia pública dixital: o Maratón como plataforma estratéxica de Galicia no mundo.
Erosión da galeguidade dentro da propia Galicia territorial, especialmente nas novas xeracións.	Tecido empresarial e científico galego no exterior, xa articulado en redes (AEGAMA, AEGACAT, Investigal).
Falta de consenso político e institucional para artellar políticas coordinadas de acción exterior.	Rede cultural global consolidada (festivais, proxectos literarios, cinema galego internacional).
Competencia simbólica con outras identidades rexionais ou nacionais no marco global.	Aproveitamento da Lei Galega de Acción Exterior e do Rexistro de Intereses Galegos para integrar máis a diáspora.
Risco de “folclorización” da diáspora se só se visibiliza en termos culturais tradicionais.	Ano Castelao e figuras referenciais como símbolos universais da galeguidade para proxectar Galicia.
Posible exclusión de novas xeracións emigradas se non se actualizan os formatos institucionais.	O municipalismo e as cadeas migratorias locais como motor de irmandamentos e cooperación internacional.

6. CONCLUSIÓN

A Estratexia Galega de Acción Exterior 2023-2027 (EGAEX 23-27) aprobouse definitivamente o pasado 24 de febreiro do 2025. Na mesma, identifícase de maneira específica o papel potencial da emigración galega, como panca e sustento dunha Acción Exterior que multiplique o impacto das distintas accións que as políticas públicas galegas impulsan para internacionalizarnos.

O Maratón de Galegidades demostrou nestas dúas primeiras edicións a súa capacidade de adaptarse e evolucionar. A versión de 2024 fixo evidente que existía unha demanda latente de conexión global en clave galega. **Foi, dalgún xeito, un experimento exitoso que revelou o potencial das ferramentas dixitais para artellar unha comunidade dispersa arredor do globo. En 2025, esa aprendizaxe traducíuse nun salto cualitativo e cuantitativo. O enfoque temático permitiu achegarse á diáspora desde diferentes ángulos, enriquecendo o diálogo e favorecendo unha maior identificación do público cos contidos.**

As diferenzas entre ambas edicións tamén amosan a vontade de non repetir esquemas, senón de experimentar con formatos en constante evolución. Iso garante que o Maratón non quede nun exercicio rutineiro, senón que se converta nun laboratorio permanente de ideas sobre a galegidade global.

● CARA AO FUTURO

A experiencia acumulada en 2024 e 2025 deixa abertos varios camiños de reflexión. Por unha banda, a posibilidade de combinar enfoques xeográficos e temáticos, construíndo unha grella híbrida que permita tanto mapear a diáspora como afondar en cuestións sectoriais. Por outra, o reto de ampliar aínda máis a participación de comunidades galegas de África e Asia, continentes onde a presenza galega é máis discreta pero igualmente relevante.

Outra dimensión a explorar é a da participación cidadá en directo: se ben as dúas primeiras edicións foron eminentemente de testemuños e entrevistas, futuras convocatorias poderían introducir dinámicas máis interactivas, como foros de preguntas ou votacións en tempo real. Así mesmo, o reforzo da dimensión institucional, integrando máis concellos e deputacións, pode abrir a porta a unha articulación máis sistemática entre Galicia territorial e Galicia exterior.

O Maratón de Galegidades naceu en 2024 e consolidouse en 2025, as súas diferenzas —número de países, duración, estrutura, perfís participantes e dimensión simbólica— non son simples variacións, senón sinais dunha evolución consciente que procura reforzar a idea de Galicia como suxeito global. Queda claro tras estas dúas edicións que a galegidade, lonxe de ser unha noción estática ou nostálgica, é unha realidade viva, plural, aberta e en constante reinvenção. O Maratón, como espello dixital desa realidade, ofrécenos unha das mellores ferramentas para comprendela e proxectala cara ao futuro. Coa súa mestura de rigor, emoción e creatividade, constitúe unha das apostas máis sólidas da Deputación da Coruña e o IGADI para situar Galicia no mundo e o mundo en Galicia.

De maneira concreta, destacamos as seguintes aprendizaxes das once horas e media de emisión:

1. Consolidación dun formato propio e singular

- › A transición dunha organización xeográfica a unha estrutura temática (14 episodios) permitiu avanzar na especialización dos debates: memoria, música, economía, ciencia, deporte, cinema, estudos galegos ou lingua portuguesa... Este cambio reforzou a capacidade do Maratón para xerar pensamento aplicado e situar a galegitude no corazón de cuestións globais.

2. A galegitude como comunidade desterritorializada

- › Ao longo dos episodios evidenciouse que Galicia non é só un territorio, senón unha rede de vínculos transnacionais, ben chantados na historia e vivos no presente. Experiencias como os festivais Emigrasón en Bruxelas ou Terra Fest en Suíza, as redes dixitais (Rede de Galegas UK, Mulleres na diáspora), ou as iniciativas culturais en Nova York, Bos Aires ou Montevideo mostran que a identidade galega é hoxe policéntrica e distribuída.

3. Memoria como fundamento democrático: Identidade e Dereitos Humanos.

- › A memoria da emigración foi reivindicada como elemento estruturante da identidade galega, capaz de humanizar o relato migratorio e servir de antídoto contra discursos de odio. A Memoria como fonte de identidades individuais e colectivos, abre espazos de proxectos interxeracionais que actualicen o pasado e dean voz aos protagonistas do presente.

4. Cultura e creación como nodos de conexión e proxección internacional.

- › A música, a literatura, o cinema e a arte amosaron o seu papel central como cemento do asociacionismo galego e vehículos de encontro interxeracional e proxección internacional. As fórmulas dixitais para conectar as distintas manifestacións culturais abren un mundo por explorar á hora de multiplicar o valor do perfil internacional de Galicia.

5. Ciencia e economía como capitais relacionais estratéxicos

- › A diáspora científica e empresarial foi identificada como un dos maiores activos de Galicia no exterior á hora de repetir o papel da diáspora galega como motor de desenvolvemento. Agora mesmo isto está xa a acontecer, o obxectivo é estabilizar rede, plataformas e vehículos de coordinación e aprendizaxe en liña cos esforzos institucionais para internacionalizar Galicia.

6. O deporte como espello identitario

- › Os clubs fundados pola emigración, como o Deportivo Español en Bos Aires ou o Deportivo de Londres, son só algún dos exemplos, que evidencian que o deporte funciona como espazo de cohesión cultural e proxección internacional, especialmente cando se aposta pola igualdade (caso do fútbol feminino en Londres). Como en todos os ámbitos do Maratón, a vontade por identificar ferramentas dixitais que faciliten a comunicación, abrirá espazos concretos, como irmandamentos entre escolas deportivas ou clubs.

7. Dixitalización como espazo central da galegidade contemporánea

- › As redes sociais foron descritas como o territorio principal da conexión entre a Galicia territorial e a súa diáspora actual. Comunidades como “Orgullo Galego”, influencers como Pradorúa ou Oveyaneira, ou proxectos dixitais de comunicación (O Ferrado, Mimadriña London) amosan como a galegidade circula e se reinventa en tempo real. O futuro pasa por consolidar un portal dixital-cartográfico que integre actividades, memoria e redes da diáspora.

8. Concellos e cadeas migratorias: a diplomacia local no mundo dixital

- › A escala municipal xorde como espazo privilexiado para proxectar Galicia no mundo, das cidades ás vilas, ás cadeas migratorias contan historias de pasado e do presente que representan as autoestradas globais galegas. A revolución dixital capacita ferramentas para artellar mecanismo estables de memoria e oportunidades presentes, xerando diálogos interxeracionais, que poder servir tamén como mecanismos de educación comunitaria desde principios de Dereitos Humanos.

9. Lusofonía e Estudos Galegos como eixos de proxección renovadores

- › O episodio de estudos galegos deixou claro que a galegidade é porta de entrada académica a diálogos globais, e que a súa proxección internacional depende de conectar a investigación co activismo cultural. Do mesmo xeito, a relación coa lusofonía (Portugal, Brasil, Mozambique) reforza Galicia como nó atlántico e ibérico, abrindo novos horizontes para o desenvolvemento sociocultural e socioeconómico da Galicia do 2025.

10. Castelao como símbolo universal

- › O peche do Maratón desde Bos Aires, no marco do Ano Castelao, reafirmou a súa figura como símbolo universal da galegidade. O legado de Castelao, como ponte entre a Galicia territorial e a Galicia exterior, sintetiza o espírito do Maratón: memoria viva, identidade plural e vontade de seguir conectando Galicia co mundo.

O Maratón de Galegidades 2025 mostrou que a galegidade é hoxe unha comunidade global en rede, que combina memoria e innovación, cultura e economía, identidade e diversidade. O evento consolidouse como un instrumento estratéxico de acción exterior, chamado a fixar o 24 de xullo como día de celebración, reflexión e proxección internacional da galegidade.

7.

BIBLIOGRAFÍA

- » Alonso M. (2021) Migrantas. A nova diáspora galega contada por mulleres . Galaxia.
- » Alonso, Xosé Ramón (2014). Emigración e retorno na provincia da Coruña. Vigo: Editorial Xerais.
- » Beramendi, Justo G. (2007). De provincia a nación: Historia do galeguismo político. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- » Cabo Villaverde, Alberto (2010). Emigración e identidade: A provincia da Coruña na diáspora europea (1950-1980). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- » Domínguez Castro, Luis (2016). La emigración gallega a Europa, 1950-1980. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- » Fernández, Xosé María (1995). La emigración gallega en el siglo XIX: El caso de la provincia de A Coruña. Santiago de Compostela: Edicións Laivento.
- » Ferro Ruibal, Xosé Manuel (2009). A emigración coruñesa e o asociacionismo: O caso das sociedades de emigrantes na Habana e Buenos Aires. Lugo: Edicións do Castro.
- » Franco Grande, Xosé Luís (1991). A emigración na provincia da Coruña. Santiago de Compostela: Editorial Galaxia.
- » Freire, Isabel (2002). A Coruña, cidade de emigrantes: Os fluxos migratorios urbanos no século XX. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- » González López, Emilio (1955). A Emigración Galega. Santiago de Compostela: Galaxia.
- » IGADI (2024), Informe do Maratón de Galeguidades 2024.
- » López, Manuel (2001). A emigración na Costa da Morte: Entre o mar e a diáspora. Cee: Asociación Monte Pindo.
- » Macías, Gonzalo (2007). Emigración coruñesa a Arxentina: O caso da Mariña coruñesa. Vigo: A Nosa Terra.
- » Martínez Rodríguez, José Luis (2018). A emigración coruñesa a Cuba: Estudo de caso da comunidade de Betanzos. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- » Martínez, Silvia (2009). Migración y modernización en Galicia: Una mirada histórica a la emigración hacia Europa. Revista de Historia Contemporánea, 45, 125-150.
- » Miranda-Barreiro, David (2017) A Nova York Galega/Galician New York. Proxecto de investigación sobre galeg@s en Nova York & Nova Jersey, <https://newyork.gal/>
- » Nash, Mary (1996). Emigración y cambio económico en Galicia: La diáspora atlántica (1750-1950). Barcelona: Crítica.
- » Palomares, Julia (2012) La emigración gallega en el contexto español y europeo: Análisis comparado. Madrid: Ediciones Complutense.

- » Pazos-Vidal, S. (2019) *Subsidiarity and EU Multilevel Governance. Actors, Networks and Agendas*. Abingdon: Routledge.
- » Pazos-Vidal, S. (2022) ¿Novos comezos ou máis do mesmo? A nova Lei de Acción Exterior de Galicia e a Estratexia de Acción Exterior de España 2021-2024. *Tempo Exterior* 44
- » Pazos-Vidal, S. (2024) El municipalismo español como actor institucional en el contexto global y europeo. Acento Local, Fundación Democracia y Gobierno Local. <https://www.gobiernolocal.org/acento-local/el-municipalismo-espanol-como-actor-institucional-en-el-contexto-global-y-europeo/>
<https://www.gobiernolocal.org/acento-local/el-municipalismo-espanol-como-actor-institucional-en-el-contexto-global-y-europeo/>
- » Pérez, Andoni (2008). *Galegos no mundo: Unha historia de ida e volta*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- » Veiga Alonso, Daniel (1997). *A emigración galega e o retorno (1880-1950)*. Vigo: Editorial Xerais.
- » Villares, Ramón (2003). *Historia de Galicia*. Barcelona: Editorial Crítica.
- » Villares, Ramón & Dopico, Pilar (eds.) (2005). *Galicia y la emigración*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- » Villar, Amparo (2000). *Os camiños da diáspora coruñesa: Emigración a América e Europa (1850-1950)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.



Deputación
DA CORUÑA

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



I
GA
DI